

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

O que di o curriculum oficial: A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana (...) Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos Estados.

O que engadimos nós: A nosa identidade, o que fomos, somos e o que queiramos ser ten unha das súas raíces máis fondas no mundo clásico. Grecia e Roma non foron soamente unhas civilizacións de hai miles de anos que deixaron ruínas fermosas, senón que seguen a funcionar cada día a través de nós: a nosa lingua, os nosos gustos, a nosa maneira de entender a vida... En definitiva, a cultura clásica é unha parte fundamental da nosa cultura material e in material.

O que engaden outros:

Aquela luz, que chegou á beira do mundo e estendeu a semente grega do coñecemento e da sabedoría no incensante fluír do tempo, aquela luz sigue brillando eternamente.

Marco Tulio Cicerón (106 a.C - 46 a.C)

Que contidos:

- XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GRECIA E ROMA
- MITOLOXÍA GRECOLATINA
- ARTE CLÁSICA
- SOCIEDADE E VIDA COTIÁ
- LINGUA E LITERATURA
- PERDURACIÓN NA ACTUALIDADE